

## ¿Por que non melancolía?

Rematou en Santiago a serie de representacións da obra de teatro que montou o Centro Dramático Galego baseada na obra de Cunqueiro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, novela que o noso máis grande fabulador publicara no ano 1961 e sobre a que Quico Cadaval fixo un libreto ben axustado á visión que do teatro tiña o mindoniense. Hai que recoñecer que o espectáculo, con todos os seus ingredientes, é digno dos moitos eloxios que se lle tributaron en diferentes medios. Eu, en particular, disfrutei abondo e saín bastante contento de 'El Social', que así lle chamaban na miña infancia, polo menos algúns dos nosos maiores, ao Salón Teatro da Rúa Nova, agora recén remozado. Por certo, cando nenos, cando iamos ás películas das tres e media, e aínda de adolescentes, cando nos metiamos a non mangala durante toda a tarde na 'sesión continua', qué grande nos parecía o local, e mira ti qué recolleito e xeitoso quedou agora, tan propio para representar, precisamente, cousas de Cunqueiro, que sempre puxo un evidente afán por se aproximar ao lector-espectador, falándolle cunha familiaridade que queda lonxe de calquera declamación e grandilocuencia. Neste sentido tamén a función resulta moi atinada, pois os actores están ben dirixidos e conseguen dar esa impresión de proximidade que unha lectura exótica de Cunqueiro, podería derramar.

Tendo en conta todas as virtudes desta posta en escena, que ademais se enriquece cunha escenografía magnífica, non me resisto, sen embargo, a poñer, xunto coa miña sincera, anque irrelevante, felicitación para todos os responsábeis e para o elenco, un pequeno reparo que seguramente non é outra cousa que froito da miña teima por ver en Cunqueiro, en toda a obra de Cunqueiro, unha permanente fonte de melancolía, cousa que o espectáculo do Salón Teatro non conseguiu comunicarme, polo menos a min, sobre todo porque o final festivo (e un pouco zarzueleiro, todo hai que dicilo) con que remata vai en dirección diverxente ao que a min se me antolla que é fulcral no personaxe do Almirante Sinbad tal e como o inventou Cunqueiro: a derrota do soñador a mans da realidade. E aínda

máis cá derrota: a morte simbólica daquela Señoría do Mar, e con el, do ser humano, que se alimenta soamente de soños.

Ben certo é que a melancolía tiven que poñela eu do meu fondo íntimo, porque a obra, de todos os xeitos, retrotraeume a tempos, non moi afastados pero si intensos, nos que eu me dediquei a mirarlle todos os recunchos dos textos cunqueirianos para rematar escribindo un libro que finalmente se titulou, precisamente, e perdoen a autocita, *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía* (1989).

Alguén poderá dicir que ao mellor se trata dunha lectura deformada que eu fixen de Cunqueiro. E ben pode ser que ese alguén teña razón, pero a min non me vai convencer, a estas alturas, de que estou equivocado. Total, coido que con isto non lle fago mal a ninguén. E como son moi pioloso, vou insistir un pouquiño agora mesmo.

Á parte das moitas ocasións en que Cunqueiro declarou, polo dereito e polo revés, que a metade da vida humana está tecida de soños, e que son estes os que nos manteñen vivos, porque o home é un 'ser tan extraño que é ben sabido que saca dil todo canto olla, e nin sabe cando soña', á parte disto, digo, Cunqueiro tíñalle grande afección a dous mitos: o do Labirinto e o de Ícaro, e os dous servíronlle para explicar a nosa misión ao cruzar pola vida, que non é outra que facer como se non existise o Minotauro que ao final nos devorará porque Ariadna quizais non chegue nunca, e tamén imitar a Ícaro, que coidou posíbel achegarse ao sol con azas de cera, aínda sabendo que finalmente caeremos á terra derrotados, tanto máis derrotados canto máis altos sexan os nosos soños, canto máis non elevemos cara aquel sol que nos vai rebrandecer co seu calor febril a cera das nosas ilusións.

E Cunqueiro invitábanos a facer como Ícaro, porque o cómodo nesta vida tanto consiste en darse xa por derrotado dende o principio ("Doado é dicir que non hai Cotovías") como en evitar pensar na derrota. Xa que logo, ¿por que non un final melancólico despois de asistir ás marabillas con que nos agasalla Sinbad? ¿Por que no seu sitio un final festivo? ¿Que hai de malo na melancolía?

Hoxe mesmo, luns, 29 de novembro, ábrese en Santiago as III Conversas Pedagóxicas, onde se vai falar dos valores na educación e onde pode (debería) haber moita aquela. Pois ocórreseme que propiciando o acceso á melancolía intelixente quizais poidamos conseguir sermos

mellores persoas e unha sociedade máis sensíbel e humana, que é do que se trata cando falamos de ética. ¿Ou non?

*El Correo Gallego*, luns, 29-XI-1999